

Mércores 21 de Marzo

Achegado por
jueves, 15 de marzo do 2007
Última actualización martes, 09 de octubre do 2007

MÉRCORES 21 DE MARZO EN SANTIAGO

POLA ARTE NA ESCOLA

O profesorado de Plástica e Música invitamos a tódolos centros de Galiza a participar nas actividades que dende as 11:00 ata a 13:00 da mañá do mércores 21 de marzo realizaranse na PRAZA DA QUINTANA en Santiago de Compostela por unha maior presenza no currículo obrigatorio das ensinanzas artísticas.

(Continúa...)

Coincidindo coa posible mobilización de GIG- ENSINO ás 12:00 e dos concertos didácticos da Orquesta Real Philharmonia ás 10:00 e ás 12:00 do mércores 21 marzo invitamos ó colectivo de docentes a participar nesta xornada de portas abertas onde se mostrará o traballo que se realiza nas aulas de Plástica e Música dos centros de ensino de Galiza que desaparecerá se finalmente se aproba o actual borrador da Consellería

Levade todo tipo de instrumentos, pinturas, tizas, ciscos, papeis, cartulinas, paos, madeiras, teas, cabaletes, pelucas, disfraces, calquer soporte ou utensilio...

Convocade ó voso alumnado, a artistas que coñezades, preparade actuacións, composicións, poemas, performances, construíde artefactos...

Realizaráanse actividades de:

-
- cantareiras, regheifas

-
- música tradicional

-
- percusión de todo tipo

-
- bandas de música

-
- coreografías

-
- pintura ó natural

-
- murais

-
- esculturas

-
- graffitis

-
- land art

Precisamos a colaboración de profesores que queiran organizar actividades ou ben ocuparse das labores de intendencia

¡Animádevos a participar!

Para colaborar ou presentar calquera outra iniciativa poñervos en contacto con:

vicepresidencia[arroba]asomusica.com